



/ O que fixemos... /

Festival 48 aniversario.

O sábado 25 de abril, no C.C. Os Mallos tivo lugar o 48 aniversario da asociación. Desta vez contamos coas actuacións das agrupacións convidadas: Son de Monelos, Cantareiras de Cances e a Sociedade Cultural Rondalla de Cedeira e por suposto, dos nosos grupos artísticos: o coro, a rondalla e o grupo de teatro. O público gozou moitísimo destas actuacións pero especialmente, dos petiscos que tiveron lugar despois nos locais que a igrexa de Oza prestounos. Agradecer a todas as persoas que colaboraron dalgún xeito na preparación tanto do centro cívico como do lugar dos petiscos. Sen a vosa colaboración nada disto sería posible. 📺

Tanxedoira.



Petiscos para os convidados.

Xuntanza no JaviMar.

O sábado 9 de maio fomos algúns socios e amigos/as da entidade a xantar e pasar un rato divertido tocando, cantando e bailando no restaurante JaviMar. Xuntar diferentes xeracións de socios e socias nunha comida é todo un pracer así que esperamos que para as próximas veces se anime máis xente. 📺

Tanxedoira.



Unha zona das mesas durante a comida.

Festival fin de curso.

O 20 de xuño despedimos o curso no centro cívico do Castrillón e contamos coas actuacións de todas as actividades musicais da entidade. Desta vez non puidemos contar có desfile da actividade de patronaxe e tampouco ver as pezas feitas polo alumnado de talla de cristal (unha mágoa). O que si fixemos foi dar as grazas a todos os nosos monitores e monitoras que fan desta asociación algo tan grande: Tito, Loreto, Jesús, Chus, Pilar, Raúl, Luis e Leticia. Sen eles a nosa entidade non sería posible así que merecen todo o noso recoñecemento. Moitas grazas por seguir formando parte da nosa familia. 📺

Tanxedoira.



Monitores deste curso 25/26

Churrascada fin de curso.

Dixemos que xantar nos gusta moito, verdade? Pois que mellor que unha churrascada no xardín da casa de Ana e Roberto? O 4 de xullo, cun calor que derretía todo, xuntámonos uns cantos de nós para gozar dunha estupenda tarde de comida, bebida, risas, música, baile e especialmente de amizade. Grazas aos que cociñaron, grazas os que puxeron e recolleron todo, grazas a Ana e a Roberto por ceder o xardín e grazas a todos os asistentes por facer do peche do curso un estupendo recordo. 🍷

Tanxedoira.



Un momento durante a comida

/O que faremos.../

Prescripción novo curso.

O novo curso 2026-2027 contará coas seguintes actividades:

- **Informática básica:** luns 19:00 a 20:00 (darase na aula CEMIT da Biblioteca Pública Miguel González Garcés)
- **Talla de cristal:** martes de 18:00 a 19:30 (compre ter un mínimo de 5 persoas anotadas)
- **Teatro:** martes 19:30 a 21:30
- **Pandeireta:** mércores de 19:15 a 20:15
- **Manualidades e bixutería:** xoves de 18:30 a 19:30
- **Frauta:** pendente de confirmar

- **Patronaxe:** xoves de 19:30 a 21:30
- **Guitarra:** venres de 17:00 a 19:00 (dous grupos diferentes dunha hora)
- **Bandurra:** venres de 18:00 a 19:00
- **Coro:** venres 19:00 a 20:30
- **Rondalla:** venres 20:30 a 22:00

Canto ás datas de inscrición, contaremos, por unha banda, cunha opción de inscrición telemática para a xente que xa é socia da entidade. Esta opción “online” será **desde o luns 7 setembro ao mércores 9**, ambos inclusive. Poderedes contactar connosco a través de Whatsapp, Telegram (@ACTXD), teléfono móbil (611052456) ou correo electrónico (actanxedoira@tanxedoira.org). É importante que na vosa solicitude expoñades o voso nome, apelidos, actividades que son do voso interese e un teléfono de contacto.

Por outra banda, as persoas que aínda non son socias, poderán vir ao local o **xoves 10 e o venres 11** en horario de 18:00 h a 20:00 h e, dende o comezo do curso, no horario de atención ao socio.

No caso das actividades como guitarra, patronaxe ou pandeireta, pode ser que por necesidades de aforo, haxa límite de persoas.

O **domingo 13 de setembro** publicárase na nosa web a listaxe de persoas admitidas. Esta listaxe poderase consultar tamén de xeito presencial no noso local

Como novidade deste curso, dende a Asociación queremos darvos a oportunidade de probar as nosas actividades antes de decidirvos a participar nelas.

Por iso, durante **as semanas do 14 ao 25 de setembro, celebraremos xornadas de portas abertas**, nas que poderedes achegarvos ás diferentes actividades, coñecerlas de primeira man e participar nelas de balde e sen ningún compromiso.

As xornadas desenvolveranse no horario habitual de cada actividade. No caso de manualidades/bixutería, teatro, talla de cristal, bandurra e pandeireta, que comezarán no mes de outubro, as correspondentes xornadas de portas abertas terán lugar nese mes. 🍷

Tanxedoira.

Limpeza do local.

Para termos ben limpo e decente o local para o comezo das actividades, precisamos da vosa axuda e colaboración.

Así, durante o **xoves e o venres 10 e 11 de setembro** (entre as 18:00 e as 20:00) necesitamos de vós para virdes ao local e axudarnos a deixalo limpo (varrer, fregar, limpar po e cristais, ordenar o local).

Podedes escribir unha mensaxe ao teléfono da asociación para sabermos con cantos de vós contamos.

Despois, para o resto do ano, haberá un calendario de quendas de limpeza para cada unha das actividades. Lembraide que a limpeza do local corre a cargo dos participantes das diferentes actividades.

Grazas pola axuda e colaboración. 

Tanxedoira.

Asemblea ordinaria.

Dona Leticia Riestra Ainsua, presidenta da Asociación Cultural Tanxedoira, coas atribucións e facultades descritas nos Estatutos da Asociación, convoca a todos/as os/as socios/as a Asemblea Xeral Ordinaria, que se celebrará o venres día 11 de setembro ás 20:00 horas en primeira convocatoria e 20:30 horas en segunda, no local social da Asociación, sito na R/ Azahar 6-8, 1º Esquerda.

Coa seguinte orde do día:

- Lectura e aprobación da acta anterior.
- Lectura e aprobación das contas do curso 2025/2026.
- Resumo das actividades feitas ao longo do curso 2025/2026.
- Proposta inicial das actividades que se farán durante o curso 2026/2027
- Rogos e preguntas. 

Tanxedoira.

Comezo das actividades.

As actividades darán comezo na semana do **luns 14 de setembro** agás manualidades/bixutería, teatro, talla de cristal, bandurra e pandeireta que comezan en outubro. 

Tanxedoira.

Comida “de traje” de principio de curso

O vindeiro **sábado 3 de outubro ás 14:00 h**, celebraremos a nosa tradicional comida de traxe (“yo traje tortilla, yo traje empanada...”).

Lembraide que non é necesario traer moita cantidade, porque sempre acabamos con máis comida da que podemos probar.

A bebida e o café corren por conta da casa, así que só hai que traer ganas de compartir un bo rato.

Agardamos que veñades e animedes a vir a todos os socios novos que coñezades este curso nas vosas actividades posto que é posto que é unha estupenda forma de nos coñecer todos nós e non soamente entre os asistentes á nosa actividade. 

Tanxedoira.

Excursión principio de curso

O **domingo 18 de outubro** estamos a preparar unha excursión posto que non puidemos facela ao rematar o curso pasado.

Estamos aínda calculando presupostos e ultimando rutas así que en canto saibamos máis, volo comunicaremos polas canles habituais.

Esperamos sexa do voso agrado e vos queirades anotar. Nestas saídas é cando mellor o pasamos e nacen as anécdotas que tanto nos gusta recordar despois. 

Tanxedoira.

Paso de cotas.

Ao longo do mes de outubro pasaremos a cota por banco, como ben sendo habitual.

Recordamos a todos que o importe é de 30 euros ao ano por unidade familiar.

Para todos aqueles socios e socias que se queiran dar de baixa, poden enviar un correo electrónico a actanxedoira@gmail.com indicando o seu nome, apelidos e dni indicando que se queren dar de baixa antes da devandita data.

Pedimos, por favor, que se faga antes do paso de cotas, porque no caso de devolución de recibos, a entidade ten que pagar 3 euros por cada devolución.

Grazas a todos pola vosa comprensión. 📧

Tanxedoira.

Actuación en Oleiros.

O sábado 17 de outubro (pendente de confirmar) as nosas agrupacións artísticas de coro e rondalla acudirán á Residencia da Xunta en Oleiros para levar a cabo unha actuación conxunta e animar un pouco a tarde aos nosos maiores. 📧

Tanxedoira.

Actuación en Iñás.

O sábado 7 de novembro, volvemos coa animación aos nosos maiores, esta vez na Residencia de Maiores de Iñás, tendo de novo, unha actuación conxunta do noso coro e rondalla. 📧

Tanxedoira.

Aqueles maravillosos anos!



1989. Festival da Canción Misionera

/ A destacar.../

Axenda

📧 Luns 7 ata mércores 9 setembro.

PRESCRICIÓNS TELEMÁTICAS.- Para antigos socios, por medios telemáticos.

📧 Xoves 10 e venres 11 de setembro.

PRESCRICIÓNS PRESENCIAIS.- Para novos socios, no local social (de 18:00 a 20:00).

📧 Xoves 10 e venres 11 de setembro.

LIMPEZA XERAL.- No local social (de 18:00 a 20:00)

📧 Venres 11 de setembro.

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA.- No local social (20:00 en primeira convocatoria e 20:30 en segunda)

📧 Luns 14 de setembro.

COMEZO ACTIVIDADES.- No seu horario (agás manualidades/bixutería, teatro, talla de cristal, bandurra e pandeireta que comezan en outubro)

📅 Semana do 14 setembro ao 25 setembro.

XORNADA DE PORTAS ABERTAS.- No seu horario (agás manualidades/bixutería, teatro, talla de cristal, bandurra e pandeireta que comezan en outubro)

📅 Sábado 3 outubro.

COMIDA DE “TRAJE”.- No local social (14:00)

📅 Ao longo de outubro.

PASO DE COTAS

📅 Sábado 17 de outubro (pendente de confirmar).

ACTUACIÓN DE CORO E RONDALLA.- Na Residencia de Oleiros

📅 Domingo 18 outubro.

EXCURSIÓN PRINCIPIO DE CURSO.- Todo o día

📅 Sábado 7 de novembro.

ACTUACIÓN DE CORO E RONDALLA.- Na Residencia de Iñás

📅 Sábado 12 de decembro.

FESTIVAL DE NADAL.- Pendente lugar e hora

📅 Sábado 12 de decembro.

CHOCOLATADA DE NADAL.- No local social (despois do festival)

📅 Sábado 23 de xaneiro.

XANTAR DE ENTROIDO.- Pendente lugar e hora

📅 Sábado 20 de marzo

FESTIVAL 49 ANIVERSARIO.- Pendente lugar e hora

📅 Sábado 12 de xuño.

FESTIVAL FIN DE CURSO.- Pendente lugar e hora

/ Non perdas.../ Lotería de Nadal.

Xa temos o noso número para este Nadal!



De momento, podes compralo no posto de lotaría do Carrefour de Alfonso Molina.

En breves, terémolo no local para que o poidades comprar aquí.

Publicación
subvencionada pola
Deputación da Coruña.

